



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 16/2025

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:

### Antecedentes administrativos:

**Primeiro:** Por Providencia da Alcaldía do 19/02/2025 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2024.

**Segundo:** Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 16/2025 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

**Terceiro:** Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 17/2025 relativo á da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2024.

**Cuarto:** Por Resolución da Alcaldía núm. 98/2025 do 27.02.2025 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2024. Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2024 e o nivel de endebedamento a 31.12.2024 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **26.981,49 €**
- RLTX de **266.426,94 €**
- Endebedamento a 31.12.2024: **1.080.890,38 €**
  - o Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
  - o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2024: 867.460,92 €
  - o Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2024: 213.429,46 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2024: **12,53 días**

**Quinto:** O RLTX xa foi empregado para financiar as seguintes modificacións orzamentarias:

- MC 3/2025, modalidade de incorporación de remanentes de crédito, por importe de 32.178,24 €. Incorporación de carácter obrigatorio, ao tratarse de proxectos de gasto afectados ou por tratarse de gastos xa comprometidos no exercicio anterior.
- MC 4/2025, modalidade crédito extraordinario, por importe de 79.924,46 €, para cancelar a débeda comercial pendente do ano 2024.

**Sexto:** O obxecto da presente modificación orzamentaria é dotar a achega municipal, da anualidade 2025, en relación ao seguinte proxecto de gasto, que é executado e contratado pola Xunta de Galicia:

|                                                                                                                                                                                                                                              |                  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| MT200A. Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño:<br>384.478,23 €. Xunta (269.134,76 €) + IRC IGVS 22 (63.052,27 €) + Concello (52.291,20 €)<br><b>Achega municipal, anualidade 2025: 52.291,20 €.</b><br>Execución pola Xunta de Galicia | <b>52.291,20</b> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|

**Sétimo:** Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 16/2025, modalidade Suplemento de Crédito.

**Oitavo:** A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**Noveno:** A Secretaría-Intervención emite os informes 104 e 105 do 12/06/2025.

**Fundamentación xurídica:**

**Primeiro:** Neste expediente de modificación orzamentaria 16/2025, modalidade suplemento de crédito, vaise dotar o crédito necesario para afrontar a achega municipal do ano 2025 que lle corresponde asumir ao Concello, no seguinte investimento:

|                                                                                                                                                                                                                                           |                  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| MT200A. Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño: 384.478,23 €. Xunta (269.134,76 €) + IRC IGVS 22 (63.052,27 €) + Concello (52.291,20 €)<br><b>Achega municipal, anualidade 2025: 52.291,20 €.</b><br>Execución pola Xunta de Galicia | <b>52.291,20</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|

**Segundo:** A aplicación orzamentaria na que se suplementa o crédito específico é a seguinte:

| AG   | Económica | Proxecto de Gasto | Investimento                                   | Crédito actual | SC 16/25  | CD         |
|------|-----------|-------------------|------------------------------------------------|----------------|-----------|------------|
| 1532 | 61900     | 2023/2/25.23/1    | Plan HURBE.<br>Pavimentación núcleo de Camboño | 63.052,27      | 52.291,20 | 115.343,47 |

**Terceiro:** A modificación de crédito **16/2025** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2024, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

**PRIMEIRO:** A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **16/2025**, mediante a que se dotará crédito na aplicación orzamentaria que se sinala no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **52.291,20 €**:

|                                                                                                      |                                                                                |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|
| Núm. expediente de MC por Suplemento de Crédito                                                      | 16 / 2025                                                                      |
| Importe da modificación orzamentaria                                                                 | 52.291,20 €                                                                    |
| Tipo de financiamento                                                                                | Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX              |
| Aplicación orzamentaria nas que se dota crédito específico e finalidade da modificación orzamentaria | 1532.61900<br>PG 2023/2/25.23/1<br>Achega municipal relativa á anualidade 2025 |

**SEGUNDO:** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

*Documento asinado dixitalmente.*

A Alcaldesa  
M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais